

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 09 DE FEBREIRO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito da Escudería Lalín-Deza, Rexistro de Entrada nº 309, de data 22 de xaneiro de 2009, comunicando que o vindeiro día 14 de marzo vaise levar a cabo a XV edición do rali do Cocido, desenvolvéndose parte da proba por vías da parroquia de Cortegada (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que adopten as medidas oportunas.

1.2.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 535, de data 02 de febreiro de 2009, expediente DH.A36.13110 a nome de José Manuel García Míguez, remitindo resolución de data 28 de xaneiro de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas dun manancial situado no lugar de Campomarzo, parroquia de Abades (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,07 litros/segundo, con destino a usos gandeiros.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.3.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 311, de data 22 de xaneiro de 2009, expediente DH.A36.05894 a nome de Carmen Barral Codesido, remitindo resolución de arquivo por desestimento de data 14 de xaneiro de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas dun manancial situado no lugar de Campo de Beariz, parroquia de Cira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.4.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 312, de data 22 de xaneiro de 2009, expediente DH.A36.07217 a nome de María Amparo Conde Fernández, remitindo resolución de arquivo por desestimento de data 14 de xaneiro de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas dun manancial situado no lugar de Grespos, parroquia de Breixa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.5.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada de data 04 de febreiro de 2009, solicitando colaboración por parte do Concello ós Técnicos Provinciais do Grupo de Traballo CIDIR-EIEL que recopilarán distintos datos sobre este Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.6.- Escrito de Ingeniería de Gestión Industrial S.L. (INGEIN), Rexistro de Entrada de data 04 de febreiro de 2009, informando que é Organismo de Control Autorizado pola Dirección Xeral de Industria, polo que se ofrece para realizar a inspección regulamentaria dos parques infantís, tal e como marca o Decreto 245/03, de 24 de abril, que dispón as normas de seguridade nos parques infantís.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.7.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada de data 04 de febreiro de 2009, remitindo fotocopia de denuncia contra Manuel Salgueiro Alonso e outro, nº de expediente MA961A 2009/000028-4, por xestión e depósito de residuos sen contar con autorización no Monte Merzude, polígono 26, parcela 177 na parroquia de Breixa. Asimesmo solicítase informe de se os denunciados contan con licenza para a actividades tramitada ao abeiro do Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que informe sobre si a situación denunciada sigue igual ou foi solucionada; e que por parte da Oficina Técnica Municipal se emita informe sobre si esta actividade conta con licenza.

1.8.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada de data 04 de febreiro de

2009, remitindo informe do funcionamento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Silleda, correspondente ó 4º trimestre do ano 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.9.- Escrito do Servizo de Interior e Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 438 de data 29 de xaneiro de 2009, solicitando información sobre licenza municipal de apertura do establecemento denominado Pub Vinilo, sito na rúa Cartaxena, nº 14 de Silleda, así como outros datos sobre a mencionada licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que proceda a remitir a documentación solicitada.

1.10.- Escrito do Servizo de Interior e Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada de data 04 de febreiro de 2009, solicitando información sobre licenza municipal de apertura do establecemento denominado Bar Berrinche, sito na rúa Venezuela, nº 61 de Silleda, así como outros datos sobre a mencionada licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que proceda a remitir a documentación solicitada.

2º.- SUBVENCIONS.-

Non hai asuntos que tratar.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Visto que con data 16 de decembro de 2008 aprobouse o proxecto de obra de "Mellora e Acondicionamento da Rúa Emilio Alonso Paz" redactado pola arquitecta técnica Araceli Fernández Pena, con un presupuesto que ascendería a 118.883,00 euros.

Visto que con data 08 de xaneiro de 2009 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xaneiro de 2009 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que se redactou e incorporou ó expediente o Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán a adxudicación do contrato.

Visto que con data 09 de xaneiro de 2009, realizouse pola Intervención a retención de crédito oportuna e emitiuse Informe de fiscalización do expediente. Débese ter en conta que según o artigo 9.4, o expediente de contratación tramitarase polo Concello con cargo á financiación atribuída polo Fondo. A resolución da autorización da financiación do proxecto servirá de acreditación ós efectos previstos no artigo 93 apartados 3 e 5 da Lei de Contratos do Sector Público, da existencia e dispoñibilidade de crédito para a execución das obras.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xaneiro de 2009 aprobouse o expediente e o Pliego de Clausulas Administrativas para a adjudicación das obras consistente en "Mellora e Acondicionamento da Rúa Emilio Alonso Paz", por procedemento negociado sin publicidade, asimismo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
- Fernando Pena Caramés
- Construcciones Sangiao S.A.

Visto que certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Visto que con data 21 de xaneiro de 2009 constitúese a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e ésta realizou proposta de adxudicación a favor de Construcciones Fernández Sarmiento S.A.

Visto que con data 23 de xaneiro de 2009, el órgano de contratación adjudicou provisionalmente a favor de la empresa Construcciones Fernández Sarmiento S.A., el contrato de obras para "Mellora e Acondicionamento da Rúa Emilio Alonso Paz" polo precio de 102.485,35 euros e 16.397,65 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

Visto que a adxudicación provisional notificouse a tódolos candidatos.

Visto que a adxudicación provisional notificouse ó adxudicatario Construcciones Fernández Sarmiento S.A., requeríndole para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento de súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva.

Visto que o adxudicatario constituíu garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adjudicación provisional do contrato de obras de "Mellora e Acondicionamento da Rúa Emilio Alonso Paz" por procedemento negociado sin publicidade, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2009.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á financiación atribuída polo Fondo Estatal de Inversión Local

TERCEIRO. Notificar a adjudicación definitiva ós candidatos que non resultaron adjudicatarios.

CUARTO. Notificar a Construcciones Fernández Sarmiento S.A., adjudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para asinar o contrato.

QUINTO. Presentar por vía electrónica e a través da páxina www.map.es, un certificado da Secretaría do Concello coa conformidade da Alcaldese, no que se fagan constar os datos da adjudicación, data en que ésta se produxo, identidade da empresa adjudicataria, importe polo que se adjudica o contrato, número de persoas a ocupar pola empresa adjudicataria e a acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saude da Obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saude ou Estudio Básico de Seguridade do Proxecto para súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saude ou Director Facultativo das Obras e súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.

SEPTIMO. Nomear como Director Facultativo das Obras á Arquitecta Técnica redactora do proxecto D^aAraceli Fernández Pena.

3.2.- Visto que con data 16 de decembro de 2008 aprobouse o proxecto de obra de "Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda" redactado polo arquitecto técnico D^o José Pereiras Sánchez, con un presuposto que ascendería a 111.684,80 euros.

Visto que con data 08 de xaneiro de 2009 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xaneiro de 2009 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que se redactou e incorporou ó expediente o Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán a adjudicación do contrato.

Visto que con data 09 de xaneiro de 2009, realizouse pola Intervención a retención de crédito oportuna e emitíuse Informe de fiscalización do expediente. Débese ter en conta que según o artigo 9.4, o expediente de contratación tramítase polo Concello con cargo á

financiación atribuída polo Fondo. A resolución da autorización da financiación do proxecto servirá de acreditación ós efectos previstos no artigo 93 apartados 3 e 5 da Lei de Contratos do Sector Público, da existencia e dispoñibilidade de crédito para a execución das obras.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xaneiro de 2009 aprobouse o expediente e o Pliego de Clausulas Administrativas para a adjudicación das obras consistente en “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda”, por procedemento negociado sin publicidade, asimismo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
- Fernando Pena Caramés
- Construcciones Sangiao S.A.

Visto que certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Visto que con data 21 de xaneiro de 2009 constitúese a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e ésta realizou proposta de adxudicación a favor de Construcciones Sangiao S.A.

Visto que con data 23 de xaneiro de 2009, el órgano de contratación adjudicou provisionalmente a favor de la empresa Construcciones Sangiao S.A., el contrato de obras para “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” polo precio de 96.280,00 euros e 15.404,80 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

Visto que a adxudicación provisional notificouse a tódolos candidatos.

Visto que a adxudicación provisional notificouse ó adxudicatario Construcciones Sangiao S.A., requiríndole para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento de súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva.

Visto que o adxudicatario constituíu garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adjudicación provisional do contrato de obras de “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” por procedemento negociado sin publicidade, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2009.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á financiación atribuída polo Fondo Estatal de Inversión Local

TERCEIRO. Notificar a adxudicación definitiva ós candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a Construcciones Sangiao S.A., adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para asinar o contrato.

QUINTO. Presentar por vía electrónica e a través da páxina www.map.es, un certificado da Secretaría do Concello coa conformidade da Alcaldese, no que se fagan constar os datos da adxudicación, data en que ésta se produxo, identidade da empresa adxudicataria, importe polo que se adxudica o contrato, número de persoas a ocupar pola empresa adjudicataria e a acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saude da Obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saude ou Estudio Básico de Seguridade do Proxecto para súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde ou Director Facultativo das Obras e súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.

SEPTIMO. Nomear como Director Facultativo das Obras ó Arquitecto Técnico redactor do proxecto D^o José Pereiras Sánchez.

3.3.- Visto que con data 16 de decembro de 2008 pola Xunta de Goberno Local sinalouse a necesidade de realizar a contratación das obras consistentes en “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira”.

Visto que dada a característica da obra considérase como procedemento mais adecuado o procedemento negociado con publicidade e tramitación urgente.

Visto que presentouse solicitude a través da aplicación informática disponible na dirección electrónica do Ministerio de Administracións Públicas acompañando á mesma os documentos esixidos no Real Decreto- Lei 9/2008, de 28 de novembro en concordancia coa Resolución de 9 de decembro de 2008.

Visto que con data 26 de decembro de 2008 o Secretario de Estado de Cooperación Territorial dictou a resolución de autorización para a financiación do proxecto e ordenou súa publicación na páxina web do Ministerio de Administracións Públicas.

Visto que con data 16 de decembro de 2008 aprobouse o Proxecto de Obras de “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” redactado polo Arquitecto Técnico D^o José Pereiras Sánchez, cun orzamento que ascende á cantidade de 465.376,07 euros.

Visto que con data 02 de febreiro de 2009 emitiuse Informe de Intervención sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, ós efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 02 de febreiro de 2009 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2009 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada.

Visto que se redactou e incorporou ó expediente o Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán a adxudicación do contrato.

Visto que con data 02 de febreiro de 2009, realizaouse polo Interventor a retención de crédito oportuna e emitiuse Informe de Intervención de fiscalización do expediente.

Débese ter en conta que o expediente de contratación tramítase polo Concello con cargo á financiación que se lle atribuiu polo Fondo; ademais, a resolución da autorización da financiación do proxecto servirá de acreditación ós efectos previstos no artigo 93 apartados 3 e 5, da Lei de Contratos do Sector público, da existencia e dispoñibilidade de crédito para a execución das obras.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMERO. Aprobar o expediente de contratación da obra consistente en “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira”, mediante procedemento negociado con publicidade e tramitación urxente, convocando súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, en cuantía de 465.376,07 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á financiación atribuída polo Fondo Estatal de Inversión Local.

TERCEIRO. Aprobar o Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato de obras de “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” por procedemento negociado con publicidade por tramitación urxente.

CUARTO. Publicar no Boletín Oficial do Estado e no Perfil de Contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de cinco días naturais presenten as solicitudes de participación que estimen pertinentes.

3.4.- Escrito de Laboratorio de Análisis Clínicos F. Lema y J. Bandín, S.L., Rexistro de Entrada nº 411, de data 28 de xaneiro de 2009, comunicando que a partir do 1 de xaneiro de 2009 procederán a incrementar as tarifas nun 1,40%, correspondente ó IPC.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó mencionadío Laboratorio que, vista a finalización do contrato en data 26 de decembro de 2008, procederase á realización dun novo contrato previo estudio e coste do mesmo.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Escrito de D^a Teresa Fernández Pampín, Rexistro de Entrada de data 06 de febreiro de 2009, solicitando o cambio de licencia de apertura do negocio sito no lugar de Gorís, nº 28-baixo, parroquia de Lamela (Silleda), sendo súa anterior propietaria D^a Juana Ramona Pampín López, desenrolándose no mesmo a actividade de Café-Bar, co nome comercial “Bar O Pozo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar á peticionaria para que no prazo de dez días hábiles, a contar dende a recepción deste acordo, presente escrito de conformidade das dúas partes así como copia da licenza en vigor.

4.2.- Actividades Clasificadas.

4.2.1.- Licencia nº 1805/05. Visto o expediente instruído a instancia de CAIXA GALICIA, solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para adicalo a entidade bancaria, a situar na Avda. do Parque, nº 24, esquina cía rúa G, baixo (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 06 de outubro de 2.005, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinada polo Arquitecto Técnico D^o Francisco Trigo Durán, de data 23 de xuño de 2006, (Rexistro de Entrada nº 5825, de 10.11.08), e visado en data 22 de xuño de 2006.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 05 de febreiro de 2.009, acorda a concesión de licencia de actividade a CAIXA GALICIA, para acondicionamento e apertura de local para adicalo a entidade bancaria, a situar na Avda. do Parque, nº 24, esquina cía rúa G, baixo (Silleda).

4.2.2.- Licencia Nº 1334/08. Visto o expediente instruído a instancia de FERRALLA DEL ATLÁNTICO, S.L., solicitando Licencia para instalación de taller de ferralla en nave existente, a situar na parcela nº 7 da mazá nº 5 do Parque Empresarial Área 33 (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública

co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 28 de novembro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 6317 de data 09.12.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, produción de ruidos e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previa a concesión da licencia de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras pechadas Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación ascústica, e en particular a ordenanza de ruídos do concello.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,